



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E TRES DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000021

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas, corenta minutos do día vinte e tres de xuño de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia da 1ª tenente de Alcalde dona Rosa Ana García López os seguintes concelleiros da Xunta de Goberno Local: Don Sergio Saavedra Gutiérrez e dona Jessica Sabín Fernández. Non acuden por causa xustificadas, o sr. Alcalde, don Alberto González Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa; para os efectos de celebrar a sesión ordinaria correspondente e convocada para este día; dada a existencia de quorum abondo. Actúa coma secretaria a que o é da Corporación, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes atendendo á Orde do Día:

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 16.06.22 (ORDINARIA) E RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NA DITA ACTA NO PUNTO 2º DA ORDE DO DÍA.-

Dáse conta á Xunta de erro material padecido na acta da sesión de 16.06.22 en concreto no punto 2º da Orde do Día e dáse lectura do texto da rectificación de dito erro:

RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL PADECIDO EN ACORDO ADOPTADO EN SESIÓN DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 16 DE XUÑO DE 2022.-

En sesión de Xunta de Goberno Local de data 16 de xuño de 2022, acordouse aprobar a Certificación Nº 5 e Final da obra: “Proxecto básico e de execución, modificado 1 do campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol de Mourente- POS 2018.

Detectado erro material no número da Certificación, ao constar núm. 5 no canto de núm. 4, ao abeiro do estipulado no artigo 109.- *Revocación de actos y rectificación de errores*, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; en concreto no apartado 2 do dito artigo, que di:

“ Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”.

A Xunta de Goberno Local, procede á rectificación de oficio do erro padecido na proposta de acordo que figura no punto 2º da acta da sesión de data 16.06.2022; debendo ser tida en conta para os trámites derivados do dito acordo.

Así, onde di: Certificación Nº 5, debe dicir: “Certificación Nº 4”, permanecendo invariable o demais contido do acordo.

De seguido sometese a votación a aprobación da acta da sesión do 16.06.22 coa rectificación antedita, preguntando a 1ª tenente de Alcaldía (Presidencia) aos concelleiros se queren facer algunha outra observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión dita queda aprobada coa rectificación descrita pola Xunta de Goberno Local (votación ordinaria e unanimidade dos membros asistentes á sesión).

2º.- PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DE AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E VERBENAS. PLAN EMPREGO LOCAL 2022.-

Vistas as Bases reguladoras do programa PEL-Concellos Axudas ao sector das orquestras e verbenas do Plan de emprego local, anualidade 2022 publicadas no BOP núm. 102 de 31 de maio de 2021 para concellos de menos de 50.000 habitantes

PROPONSE

Participar en dita convocatoria de *Axudas ao sector das orquestras e verbenas do Plan de emprego local, anualidade 2022 para a contribución á reactivación económica, promoción e mantemento do emprego no sector empresarial das orquestras e verbenas,*

Solicitar ata o 100% do orzamento de gastos previsto que no caso do Concello de Valdoviño tendo en conta a poboación e a porcentaxe a aplicar supón un máximo de 9.000,00 euros

Que o gasto subvencionable se destine a subvencionar ás comisións de festas patronais e populares que deberán dispoñer de capacidade xurídica e fiscal e atender aos requisitos establecidos nas bases obxecto de subvención e ás que poda establecer o concello.

Aceptar as condicións e requisitos establecidos nas bases publicadas no BOP núm. 102 de 31 de maio de 2021,

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.
Valdoviño, 17 de xuño de 2022.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, acordou a aprobación da anterior proposta de Alcaldía.

3º.- RESERVA DE VÍA PÚBLICA PASO PERMANENTE INSTADA POR MARIA

Proposta de Alcaldía:

“En data 06/06/2022, rexistrase co número 202299900000797, escrito presentado por María [REDACTED] solicitando vado para o inmovible sito na [REDACTED] parroquia de Valdoviño.

Vista a documentación recopilada coa solicitude entre o que consta informe do Oficial da Policía Local data do 19 de xuño 2022, no que relata:

“Que practicadas las correspondientes comprobaciones, resulta que el inmueble que se localiza en [REDACTED] – Valdoviño, y que se identifica con el número de referencia catastral [REDACTED] tiene acceso rodado hacia el interior del mismo, desde el vial de titularidad municipal que se denomina [REDACTED] y que se identifica en el inventario de viales con el número de activo 1C.6.0130.

El espacio de reserva de vía pública para paso permanente de acceso a la finca que se identifica con el [REDACTED] de la [REDACTED] será de tres metros, (frente al vial de titularidad municipal que se identifica con el número activo 1C.6.0130).

Por parte del Oficial de la Policía Local que suscribe, referente a normas de tráfico, no se aprecia impedimento a la concesión de la autorización solicitada.

Se adjunta una fotografía y plano de situación.”

Considerando a Ordenanza Municipal Reguladora de Vehículos deste Concello, nos seus puntos:

.- 54.1.c) : Tipo de vado permanente - Garajes destinados a vivienda unifamiliar.-

.- 55 Señalización:- 1.- Las entradas y salidas de vehículos que se autoricen se señalizarán y delimitarán simultáneamente con dos tipos de señales:

A) Vertical: placa de prohibición de estacionamiento ajustado al modelo oficial, que será facilitada por el Ayuntamiento, previo abono de las tasas correspondientes.

La placa deberá instalarse en zona visible de la puerta de entrada o salida del inmueble, preferentemente en el lateral derecho o en su defecto, en la zona central superior de la fachada de la puerta. Excepcionalmente, en aquellos inmuebles con accesos de largo recorrido, se permitirá que se coloque en barra vertical.

A) Horizontal: franja amarilla de longitud correspondiente al ancho de la entrada, pintada en el bordillo o en la calzada junto al bordillo.

No se permitirá en ningún caso colocar rampas ocupando la calzada.

En el supuesto de que el interesado necesite realizar alguna obra de adaptación del vado deberá pedir el correspondiente permiso de obra.

2.- Los gastos que ocasione la señalización descrita en el apartado anterior, así como las obras necesarias serán a cuenta del solicitante, que vendrá obligado a mantener la señalización tanto vertical como horizontal en las debidas condiciones durante todo el período de vigencia de la autorización.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar á solicitante [REDACTED] outorgando autorización de paso permanente de acceso á finca/inmable da súa propiedade ubicada na [REDACTED] parroquia e termo municipal de Valdoviño; **-AUTORIZACIÓN NÚM. 42 nos términos sinalados no informe policial e** - debendo axustarse a autorización ó sinalado nos artigos 54, 55, 56, 57, 58 e 59 da Ordenanza municipal reguladora de vehículos, reproducidos parcialmente (arts. 54 e 55) na parte expositiva do acordo.

Segundo.- Aprobar a taxa segundo a ordenanza fiscal correspondente (a razón de 3,69 euros por metro/lineal) o que supón un importe de once euros e sete céntimos **(11,07 €)**; cantidade que deberá ingresar previamente nas arcas municipais o solicitante, para que a autorización surta efecto.

Terceiro.- Expedir o correspondente documento de autorización municipal e de notificación á interesada dando traslado á Policía Local para a tramitación e aos efectos oportunos.

En Valdoviño, a 22 de xuño de 2022
O Alcalde, Alberto González Fernández”.

Despois de ver a anterior proposta de Alcaldía a Xunta de Goberno local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou a aprobación da autorización nº 42 de reserva de espazo de via pública para paso permantente de acceso a finca instada por María Noelia Toledo Díaz.

4º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/18.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:
“Expte. 2022/V008/000002

Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2022/18 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 8 facturas ascende á cantidade de CINCUENTA E OITO MIL SETECENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (58.746,26 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe de reparo suspensivo emitido pola intervención municipal en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación. A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2022/18 así como AUTORIZAR o correspondente pagamento por importe bruto de 58.746,26 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica
O alcalde: Asdo. D. Alberto González Fernández (Asdo. Dixitalmente).”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou a aprobación da anterior proposta de Alcaldía.

5º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/19.-

EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000057

PROCEDEMENTO: OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA 4/2022

PROPOSTA DE ACORDO DA XGL:

“Resultando que por parte da Intervención Municipal emitíuse informe de omisión da fiscalización previa preceptiva nº 4/2022 (EMP 58/2022) con data 17/06/2022 en cumprimento do que dispón o artigo 28 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCIRElativo ao gasto seguinte:

Órgano xestor	Exercicio	Aplicación	Terceiro	Importe
Alcaldía	2022	334-22799	Ciamaria Música SA	3.256,00 €
Obxecto do gasto	Data de realización	Natureza Xurídica		
Clases de batería/clases de piano/clases de guitarra/clases de canto/clases de música e movemento	Data da factura 30/04/2022	Contrato de servizos		

Resultando que o informe emitido pola Interventora remitiuse ao Órgano Xestor dos Gastos, que informou en data 17/06/2022 o seguinte:

“(…) • PRIMEIRO.- En data 17/06/2022, instouse a este Servizo o inicio de expediente de omisión da función interventora nº 4/2022

• SEGUNDA.- Tal e como consta no comunicación de Omisión da Función Interventora remitido a este Servizo, sobre a aprobación da factura núm. 22SM1590/1000149 de data 31/05/2022 de FCC Medio Ambiente, S. A., CIF: A28541639, por importe de 24.994,07 € (nº rexistro da factura en contabilidade 2022/1305 de 31/05/2022), incluída na relación de facturas F/2022/19 non se efectuou o preceptivo e previo trámite de fiscalización e intervención previa.

A presente factura foi conformada polo Concelleiro Delegado de área tras comprobar que o servizo fora prestado efectivamente e o expresado na factura correspóndese en servizo e prezo co pactado. Con data 25/03/2011 FCC- FOMENTO de construcións e contratas S.A. asinou un contrato de xestión de servizo público co Concello de Valdoviño, na modalidade de

concesión. O prazo do contrato establécese en oito anos dende a sinatura do contrato, polo tanto o prazo rematou en 2019. Atopámonos ante un servizo continuado no tempo e que non poden deixar de prestarse por ser necesarios e imprescindibles para poder cumprir co normal funcionamento desta Administración. Exposto o anterior e a clara necesidade de prestación deste servizo cómpre proceder á licitación ao tratarse dunha necesidade estrutural continuada no tempo, o que ademáis pode revertir nunha mellora do prezo por baixas nas ofertas das empresas interesadas en formar parte do procedemento de contratación.

- TERCEIRA.- Tal e como consta na comunicación de Omisión da Función Interventora 4/2022 remitida a esta Alcaldía, en relación coa factura núm. 22SM1590/1000149 de data 31/05/2022 de FCC MEDIO AMBIENTE, S. A., por importe de 24.994,07 € (nº rexistro da factura en contabilidade 2022/1305 de 31/05/2022), incluída na relación de facturas F/2022/19, do que deriva que non se efectuou o preceptivo e previo trámite de fiscalización e intervención previa. A Alcaldía si tivo constancia da factura, e si constatou a prestación referida da que deriva esta obriga de pago e que o prezo se axusta ao de mercado.

- CUARTA.- Este servizo non considera oportuno facer novas observacións o referido informe de Omisión da Función Interventora.

(...)” Resultando que o Informe da Interventora expresamente dispón que se o Órgano Xestor manifesta que as prestacións se axustan ao prezo de mercado non é necesario instar a revisión do acto, sendo suficiente que a Xunta de Goberno Local resolva sobre a aprobación da obriga polo importe do gasto.

Considerando que a non aprobación da nº factura núm. 22SM1590/1000149 de data 31/05/2022 de FCC Medio Ambiente, S. A., CIF: A28541639, por importe de 24.994,07 € (nº rexistro da factura en contabilidade 2022/1305 de 31/05/2022), incluída na relación de facturas F/2022/19, produciría un trastorno grave na actividade municipal que prexudicaría enormemente os intereses xerais do municipio, dado que se podería considerar que se produciría un enriquecemento inxusto da Administración, e en caso de non proceder ao pagamento do gasto indicado, con toda seguridade o perxudicado dirixiríase aos tribunais cumprindo cos criterios que a xurisprudencia esixe para o enriquecemento inxusto. A condena ao pagamento a cargo do Concello incluíría ademáis as custas procesais e os xuros de demora.

Dado que se constatou a prestación do servizo mediante a factura núm. 22SM1590/1000149 de data 31/05/2022 de FCC Medio Ambiente, S. A., CIF: A28541639, por importe de 24.994,07 € conformada polo Concelleiro delegada de área e que o prezo se axusta ao de mercado.

E comprobouse a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

Considerando que o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI-, atribúe ao Alcalde a competencia para adoptar a resolución procedente. Polo que se expuxo,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- aprobar a relación de facturas nº F/2022/19 integrada por unha única factura a núm. 22SM1590/1000149 de data 31/05/2022 de FCC Medio Ambiente, S. A., CIF:

A28541639, por importe de 24.994,07 € (nº rexistro da factura en contabilidade 2022/1305 de 31/05/2022)

SEGUNDO.- Trasladar o presente acordo ao Órgano Xestor, á Intervención, á Tesourería Municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos, e o Pleno na primeira sesión que se celebre.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, acordou a aprobación da anterior proposta de Alcaldía.

6º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/21.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2022/21 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 7 facturas ascende á cantidade de DOUSCENTOS VINTE E NOVE MIL DOUSCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON TRITA CÉNTIMOS (229.236,30 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2022/21 por importe bruto de 229.236,30 euros. En Valdoviño, na data da sinatura electrónica O alcalde: Asdo. D. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente)”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou a aprobación da anterior proposta de Alcaldía.

7º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

A.- Licenza de obra maior

-
.- Expte. de obras 297/2021.-

Para as obras de construción de vivenda unifamiliar aillada na parcela situada no [REDACTED] Valdoviño (referencia catastral nº [REDACTED]) en solo clasificado como SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA E SOLO NON URBANIZABLE (Común). Segundo o proxecto presentado a vivenda que se pretende construír se sitúa na zona da parcela clasificada como SUELO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA EDIFICACION RESIDENCIAL AILLADA E

de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polos arquitectos Carlos Graña Ramos e Clara Ulargui Aparicio.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 17 xuño de 2022 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder licenza de construción de vivenda unifamiliar a [REDACTED] [REDACTED] na parcela situada [REDACTED] parroquia de Lago, Valdoviño. Licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polos arquitectos [REDACTED] e [REDACTED] e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 17 de xuño de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

As obras non poderán ser iniciadas en tanto non se notifique, por parte do Concello, o visto bo da seguinte documentación a aportar:

- * Proxecto de execución, visado
- * Nomeamento do arquitecto técnico ou aparelador como director de execución da obra nun modelo homologado por dito colexio.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 1.128,87 €. ICIO.- 5.192,80 €.

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

O prazo de iniciación das obras no poderá exceder os 6 meses (polo tanto, no caso de ter que adxuntar proxecto de execución, este deberá ser informado por parte do Concello antes do remate do prazo anterior), e o de terminación os tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as mesmas por tempo superior a seis meses.

Valdoviño, 20 de xuño de 2022.

O Alcalde, Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, acordou a concesión da licenza no expte de obras 297/2021, nos términos expostos na anterior proposta de Alcaldía.

B.- Licenza de obra maior

.- Expte. de obras 286/2021.- [REDACTED] (representado por [REDACTED]) Para as obras de construción de vivenda unifamiliar (inclúe peche frontal de parcela) na parcela situada no [REDACTED] parroquia de Villarrube, Valdoviño (referencia catastral nº [REDACTED]) en solo clasificado como SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA E SOLO NON URBANIZABLE (Común). Segundo o proxecto presentado a vivenda que se pretende construír se sitúa na zona da parcela clasificada como SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA EDIFICACION RESIDENCIAL AILLADA e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polos arquitectos Ismael Ameneiros Rodríguez e Santiago Rey Conde.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 15 xuño de 2022 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder licenza de construción de vivenda unifamiliar a [REDACTED] representado por Ismael [REDACTED] no Lugar de [REDACTED] parroquia de [REDACTED] Valdoviño. Licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polos arquitectos Ismael Ameneiros Rodríguez e Santiago Rey Conde e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 15 de xuño de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

As obras non poderán ser iniciadas en tanto non se notifique, por parte do Concello, o visto bo da seguinte documentación a aportar:

- * Proxecto de execución, visado
- * Estudio Básico de seguridade e saúde visado.
- * Nomeamento do arquitecto como director de execución da obra nun modelo homologado por dito colexio.
- * Nomeamento de arquitecto técnico ou aparellador como director de execución da obra nun modelo homologado por dito colexio.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 548,94 €. ICIO.- 2.525,15 €.

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

O prazo de iniciación das obras no poderá exceder os 6 meses (polo tanto, no caso de ter que adxuntar proxecto de execución, este deberá ser informado por parte do Concello antes do remate do prazo anterior), e o de terminación os tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as mesmas por tempo superior a seis meses.

Valdoviño, 20 de xuño de 2022.
O Alcalde,
Asinado/Alberto González Fernández.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, acordou a concesión da licenza no expte de obras 286/2021, nos términos expostos na anterior proposta de Alcaldía.

C.- Licenza de obra maior

.- Expte. de obras 35/2022.- [REDACTED]
(representada por [REDACTED].- Para as obras de construción de vivenda unifamiliar aillada (inclúe piscina e peches de parcela), nunha parcela situada no Lugar de O Vieiteiro nº 56, parroquia de Pantín, Valdoviño (referencia catastral nº 15088A034010640000HS). en solo clasificado como SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta Carolina Martínez Vila.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 10 xuño de 2022 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder licenza de construción de vivenda unifamiliar a [REDACTED]
[REDACTED] na parcela situada no [REDACTED] parroquia de Pantín, Valdoviño. Licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta Carolina Martínez Vila e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo

1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 10 de xuño de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

As obras non poderán ser iniciadas en tanto non se notifique, por parte do Concello, o visto bo da seguinte documentación a aportar:

- * Proxecto de execución, visado
- * Estudio Básico de seguridade e saúde visado.
- * Nomeamento do arquitecto técnico ou aparellador como director de execución da obra nun modelo homologado por dito colexio.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 1.232,78 €. ICIO.- 5.670,83 €.

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

O prazo de iniciación das obras no poderá exceder os 6 meses (polo tanto, no caso de ter que adxuntar proxecto de execución, este deberá ser informado por parte do Concello antes do remate do prazo anterior), e o de terminación os tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as mesmas por tempo superior a seis meses.

Valdoviño, 21 de xuño de 2022.
O Alcalde,
Asinado/Alberto González Fernández

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, acordou a concesión da licenza no expte de obras 35/2022, nos términos expostos na anterior proposta de Alcaldía.

D.- Licenza de obra maior

.- Expte. de obras 158/2021.- (representada por)
.- Para as obras de proxecto de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar, nunha parcela situada no Lugar de parroquia de Sequeiro, Valdoviño (referencia catastral nº) en solo clasificado como SOLO NON URBANIZABLE (Común) e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Francisco Rodríguez López.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 20 de xuño de 2022 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder licenza de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar a [REDACTED] na parcela situada no [REDACTED] parroquia de [REDACTED] Valdoviño. Licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Francisco Rodríguez López e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 20 de xuño de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 415,96 €. ICIO.- 1.913,41 €.

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

O prazo de iniciación das obras no poderá exceder os 6 meses (polo tanto, no caso de ter que adxuntar proxecto de execución, este deberá ser informado por parte do Concello antes do remate do prazo anterior), e o de terminación os tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as mesmas por tempo superior a seis meses.

Valdoviño, 22 de xuño de 2022.

O Alcalde, Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, acordou a concesión da licenza no expte de obras 158/2021, nos términos expostos na anterior proposta de Alcaldía.

PARTE ACTIVIDADE

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, a 1ª Tenente de Alcalde, levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/

